



¡Abajo las armas!¹ ¿Dónde está el pacifismo? 32 miradas incómodas

Manuel Dios Diz, coordinador. Prólogo de Federico Mayor Zaragoza.
Ed. Alvarellos, Santiago de Compostela, 2023

Este libro foi publicado con motivo da guerra provocada pola invasión de Ucraína polas tropas da Federación Rusa, tan só un ano despois do seu inicio. O profesor Manuel Dios Diz, activista pola paz, coordinou a publicación desta colección de breves textos, aínda que impactantes e con substanciosas reflexións, sobre o pacifismo e a cultura da paz en resposta á provocadora pregunta exposta no título *Onde está o pacifismo?*

Os autores son prestixiosas personalidades de grande relevancia no ámbito da análise e resolución de conflitos².

Xunto a elas, destacarei o autor do prólogo, Federico Mayor Zaragoza, exdirector xeral da UNESCO, que actualmente preside a Fundación Cultura de Paz, entidade colaboradora na edición desta interesante obra. Estas expertas miradas sobre tema tan imperioso, sempre e moito máis no momento actual, interpelan o lector suscitándolle inquietantes preguntas de imprevisibles respostas dado o complicado contexto socio-político dese conflito bélico.

Algúns dos escritores, ao observaren esta guerra de transcendencia global, perciben que

1 Bertha von SUTTNER (Praga,1843-Viena,1914), xornalista, novelista e activista, publicou en 1889 *Die Waffen nieder*, (Abaixo as armas!), un clásico do movemento pacifista. No ano 1905 recibiu o Premio Nobel da Paz.

2 D. Addams, J. Armadams, M. Barbeitos, A. Barrero Tiscar, J. A. Binaburo, I. Breines,

I. Comins, M. Dios Diz, J. Fdez Erdocia, L. Fdez Prieto, T. Font, E. Grandío, R. Graxa, X. Hermida, G. Jacobs, J.Lopes Facal, C. Magallón, K. Marón, M. Mesa, M. Novo, M. Oianguren, P. Ortega, N. P. Ostojic, A. Pérez Esquivel, M. Ponsa, A. I. Prera, J. M. Pureza, G. Sánchez, E. Shawki, G. Solarte, B. de Sousa.

o movemento pacifista –fundamentalmente antibelicista– non está a dar a resposta mostrada noutros tempos, por exemplo, cando a guerra de Iraq. Que pasa e por que? A cidadanía, visiblemente pasiva, está de acordo co modo de afrontaren os estados occidentais o conflito armado? Que significa para esta zona do mundo «vivir en paz»? Seica hai que aceptar que non hai nada que facer, que hai que vencer o invasor, que ten que haber «armas para a paz» e aumento de orzamentos militares, que os «poderosos» con intereses espurios prefiren as batallas á paz habilmente negociada, etc., etc.?

Contrariamente, noutros textos, lemos que o movemento social do pacifismo está vivo e adopta en cada momento diferentes formas de resposta, conforme as circunstancias o requiran. E engaden algo moi importante: a súa acción non só se debe expresar mediante mobilizacións na rúa, senón que a súa maior aposta debe estar en promover unha cultura da paz, sustentada por dous alicerces básicos: a educación e a democracia.

Esta diversidade de puntos de vista e opinións poden ser percibidas xa nos títulos dos textos.

Uns aparecen formulados de maneira máis ou menos polarizada, tales como *¿Qué fue del pacifismo?*, *Corren malos tiempos para el pacifismo*, *Y entonces, ¿dónde está el pacifismo?*, *Un pacifismo a duermela...* E outros presentan un enfoque positivo da cultura da paz: *El pacifismo, la esperanza*, *En busca del equilibrio*, *Hacer posible lo necesario*, *Cuatro desafíos para el movimiento pacifista de nuestro tiempo*, *Ser cristiano es ser un pacifista*, *El pacifismo en la escuela...*

En todo caso, en diferentes artigos atopamos, explicitamente expresados, firmes desexos de procura da paz individual e colectiva. Xa Heródoto (s. V a. C.) afirmaba que ningún é tan insensato para preferir a guerra á paz; en tempos de paz os fillos enterran os seus pais e en tempos de guerra os pais enterran os seus fillos. Avanzando até o século XX, despois da experiencia traumática da Segunda Guerra Mundial, na cidade de San Francisco asíñase con solemnidade a Carta das Nacións Unidas, cuxo preámbulo se inicia con –«Nós, os pobos das nacións unidas, resolvidos a preser-

var as xeracións vindeiras do flaxelo da guerra, que por dúas veces, no espazo da nosa vida, trouxo sufrimentos indicibles á humanidade...»-. Sabido é que en moitas ocasións e lugares se substituíu o nós, os pobos por *nós, os poderosos...* deixando evanescentes os propósitos e principios nesa Carta establecidos. Un novo reforzo na procura da paz xorde como consecuencia da creación da UNESCO. Este organismo, lémbraenos con reiteración, lidera un movemento a nivel mundial en prol dunha cultura da paz, entendida como un conxunto de valores, actitudes e comportamentos que reflecten o respecto á vida, ao ser humano e á súa dignidade, que poñen en primeiro plano os dereitos humanos, o rexeitamento á violencia en todas as súas formas e a adhesión aos principios de liberdade, xustiza, solidariedade e tolerancia, así como a comprensión entre os pobos, os colectivos e as persoas. No libro faise constar que esa cultura da paz ten os seus reflexos en proxectos e accións de todo tipo en numerosas organizacións da sociedade civil, en programas educativos

de distintos niveis, en administracións locais, etc., sendo o máis importante a concienciación da cidadanía para transformar a cultura da violencia en cultura da paz.

Sería moi extenso e non é pertinente nesta recensión facer unha síntese do escrito por cada autor, polo que destacarei unicamente algúns aspectos concretos en que conflúen. Do horror da guerra e do rexeitamento á violencia nace a cultura da paz. A iniciativa da celebración do Día Escolar da Non-Violencia e da Paz, o 30 de xaneiro, aniversario da morte de Gandhi, cuxo obxectivo é «sementar ideais e reclamar unha educación permanente e independente para a paz», ten xa unha longa traxectoria en escolas de todo o mundo. A non-violencia non pretende ser un paradigma teórico, senón tamén de vida. Neste ámbito, fronte á cultura da guerra e da violencia, son propostas alternativas de cultura da paz a desmilitarización, a igualdade entre homes e mulleres, o desenvolvemento sustentable e a non explotación da natureza, a participación democrática..., e un goberno que dialoga,

escoita, negocia e coopera en lugar de utilizar a forza, promovendo o coñecemento da teoría e a práctica da non-violencia na resolución de conflitos.

Educación para unha cultura da paz é contribuír a xerar na sociedade valores que non conduzan a recorrer ao uso da violencia para resolver os conflitos, traballar por un mundo máis xusto e solidario, aceptar a todas as persoas independentemente da súa condición, construír relacións de fraternidade entre todos os seres humanos. Como sinala no prólogo o seu autor, instaurar unha nova cultura da paz para mudar a mentalidade das persoas require un importante esforzo educativo.

Así mesmo, reformar a ONU converteuse nunha esixencia ineludible para a Humanidade, guiada por uns valores éticos universais. Esta entidade supranacional é percibida como impotente para constituírse en poder coordinador da gobernabilidade mundial.

En diversas páxinas do libro o lector verase abordado por preguntas de difícil resposta, mais que o farán reflexionar e pensar, fornecéndolle orientacións,

argumentos e deliberacións para seguir guiando o seu camiño. Gandhi dicía: «Non hai camiño para a paz; a paz é o camiño». E para o percorrer, percíbese nalgúns escritos un entusiasmo contaxioso, optimismo intelixente e esperanzador, cara á construción da paz, chegando a afirmar que o pacifismo é a utopía dos humanistas. Recoñecer que a paz perfecta é utópica é recoñecer o seu carácter de horizonte e que conduce máis aló do que agora é real.

O futuro é aberto e inacabado e por tanto é susceptible de mudanza. Claro que esas mudanzas normalmente serán froito dun traballo persistente e resultado dun longo proceso. O realismo utópico do camiño da paz, escriben, non nos debe facer perder de vista que alí onde hai persoas, inevitablemente hai conflitos. O que importa é facer viable a súa resolución sen violencia e, mellor aínda, dedicar recursos á rede de detección e prevención dos mesmos. Oxalá este libro sirva a un público amplo de cidadáns interesados e preocupados pola paz na comunidade universal, na cal o amor e a fraternidade sexan «as armas»

para neutralizar os conflitos humanos.

E engadirei **dous convites** impresos no libro:

A paz é moito máis que unha toma de postura, é unha auténtica revolución, un modo de vivir, un modo de habitar o planeta, un modo de ser persoa. (María Zambrano).

Que as xeracións que chegan a un paso de nós non nos acusen de silencio cando tan urxente era a nosa voz. En pé de paz, infatigables na resistencia, a favor da democracia auténtica. Que nunca poidan dicirnos: «Esperabamos a vosa voz... e non chegou». Delito de silencio. (Federico Mayor Zaragoza)

Carlos Bragado Gutiérrez